



## CEIP PLURILINGÜE PEDRO CASELLES ROLLÁN

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

1. Introducción.
  - 1.1. Datos básicos do centro
  - 1.2. Contextualización do Plan Dixital.
  - 1.3. Breve xustificación do mesmo.
  - 1.4. Proceso de elaboración.
2. Situación de partida.
  - 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.
  - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.
  - 2.3. Análise DAFO.
3. Plan de acción.
  - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións.
  - 3.2. Necesidades de equipamento e infraestruturas tecnolóxicas.
4. Avaliación do Plan Dixital.
  - 4.1. Seguimento do plan de acción.
  - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
5. Difusión do Plan Dixital.

## 1.Introdución.

### 1.1 Datos básicos do centro.

Tipo de centro: Público.

Denominación oficial: CEIP PLURILINGÜE PEDRO CASELLES ROLLÁN

Código do centro: 27005691.

Provincia: Lugo.

Enderezo: rúa Agramonte, 23, Xove.

Código Postal: 27870.

Teléfono: 982 87 09 85

NIF: Q2768019H

Enderezo correo electrónico: [ceip.pedro.caselles.rollan@edu.xunta.gal](mailto:ceip.pedro.caselles.rollan@edu.xunta.gal)

Páxina Web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceippedrocasellesrollan/>

O cadro de persoal docente do Colexio está formada por 15 mestres con destino definitivo, 2 con destino provisional e 1 mestra de relixión, adscritos como segue:

- profesores de E. Infantil: 4
- profesores de E. Primaria: 6 (5 funcionarias de carreira + 1 interina)
- especialista en P. T. : 2 (1 de atención preferente)
- especialista en Inglés: 1
- especialista de A.L.: 1
- especialista en Ed. Musical: 1
- especialista en Ed.Física: 1
- Orientadora: 1
- mestra de Relixión (compartida): 1

Actualmente o centro conta con 176 alumnas/os.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital.

O Plan Dixital (PD) ten como obxectivo potenciar e desenvolver, dentro do ámbito educativo, o ensino mediante o uso de ferramentas dixitais.

Neste eido, nos últimos tempos estivemos a adoptar unha serie de melloras no centro educativo, como a implantación do proxecto E-Dixgal (sendo este o noso terceiro ano co proxecto) ou a renovación de parte dos equipos da aula de Informática.

Mediante o PD queremos organizar e sistematizar os diversos recursos TIC dispoñibles no centro para facer un uso óptimo deles. O PD serviranos, en xeral, para establecer unha estratexia dixital, partindo dunha análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades) que servirá de punto de partida para o traballo. Este plan será un instrumento que formará parte do Proxecto Educativo de Centro, así como da Programación Xeral Anual a partir do curso 2022/2023.

O noso CEIP é un centro público situado na localidade de Xove, núcleo do Concello do mesmo nome, e que recolle ao alumnado de todas as parroquias do mesmo. Normalmente, o alumnado asiste ao centro aos 3 anos, despois de estar escolarizados/as na Escola Infantil de 1º ciclo, sendo moi poucas/os as/os alumnas/os que non asisten á mesma. O Concello conta tamén co IES Illa de Sarón. As familias pertencen á clase media-baixa, nun entorno rural que coexiste coa factoría de ALCOA e as súas empresas auxiliares, onde está empregada unha parte importante das familias.

A competencia dixital da nosa comunidade educativa é básica, así que con este PD pretendemos, tamén, mellorar e consolidar estratexias para acompañar aos nosos fillos e fillas, alumnos e alumnas, na nova cultura dixital, incidindo na responsabilidade e o uso seguro das TIC.

## 1.3. Breve xustificación do mesmo.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa; así, no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os seguintes principios:

- A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- A transformación dixital, que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Seguindo a Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022, elabórase ao longo deste curso o documento presente.

#### 1.4. Proceso de elaboración.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de auto-avaliación SELFIE e o test CDD, para así iniciar a fase de diagnose e deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

No curso 2022/2023, o centro procederá á implantación efectiva do Plan, que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continuas.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible.

-Infraestruturas:

- Conectividade:
  - Por fibra: 500 mbps simétricos.
  - Wifi:
    - ED\_27005691: en gran parte do colexio pero con zonas sen cobertura.
    - edu.xunta.es: tan só nas aulas E-Dixgal.
- Dotación tecnolóxica:

- Ordenadores E-Dixgal alumnado: 40 (36 en uso e 4 de reserva).
  - Ordenadores E-Dixgal profesorado: 9.
  - Ordenadores para alumnado sen conectividade en caso de confinamento: 6.
  - Equipos da aula de informática: 14 ordenadores portátiles.
  - Carros de carga: 2.
  - Pizarras dixitais: 5.
  - Equipos en titorías e especialidades: 9.
  - Biblioteca: 3 tablets e 2 ordenadores.
  - Aula PT: 2 tablets.
  - Proxectores: 9 (algúns deles non funcionan)
- Plataformas e servizos dixitais:
    - Aula virtual.
    - EVA (E-Dixgal) para 5º e 6º de primaria desde o curso 2019/20.
    - Páxina web.
    - Blog Biblioflora.
    - Espazo Abalar.
    - Abalarmóbil.

A xestión do mantemento do equipamento E-Dixgal é realizada polo servizo premium. No resto dos equipos, o mantemento vai por conta da UAC, agás aqueles dispositivos mercados polo centro e que non teñen software libre.

[Aquí](#) podemos descargar o Plan de continxencia do centro.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
A-Liderado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado					
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	4,2				
C-Infraestructuras e Equipos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,5				
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,9				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado					
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,4				
	Alumnado	4,1				
G-Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3				
	Alumnado	4,1				

### Participación segundo o perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	13	84,6 %
PROVISIONAL	3	3	100 %
INTERINO		1	0 %
SUBSTITUTO	1	2	50 %
DESAPRAZADO(OUTROS)			

### Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
66,2	B1	76,4	B1

### Puntuación e nivel competencial por etapas.

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	44,8	A2	68,2	B1
PRI.	68,1	B1	77	B1

### Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	2	12,5 %
A2	7	43,8 %
B1	5	31,3 %
B2	2	12,5 %
C1		
C2		
TOTAL	16	100,1 %



### 2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Acceso a internet na maioría das aulas.</li> <li>-Dispoñibilidade de dispositivos para o alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Acceso a internet escaso nalgún espazo do centro.</li> <li>-Non contamos cunha estratexia dixital.</li> <li>-Non dispoñemos da rede corporativa estendida en todo o centro.</li> <li>-Os dispositivos dixitais non son suficientes nin están actualizados.</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>-O profesorado emprega tecnoloxías dixitais.</li> <li>-O profesorado realiza actividades dixitais motivadoras e colaborativas.</li> <li>-O equipo directivo axuda no ámbito dixital aos docentes.</li> <li>- O equipo directivo interésase polo DPC.</li> <li>- Realizouse PFPP para a introdución no entorno E-Dixgal.</li> <li>- O Equipo Directivo é consciente das necesidades do profesorado e, na medida do posible, cúbreas.</li> <li>- O Equipo Directivo apoia ao profesorado para que exploren novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.</li> <li>- O profesorado ten acceso a internet e dispositivos para buscar recursos educativos dixitais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O equipo docente descoñece a normativa no uso das licenzas.</li> <li>-O profesorado non adoita crear recursos dixitais.</li> <li>-Os docentes empregan poucas tecnoloxías dixitais para as avaliacións.</li> <li>- No noso centro non se avalían de xeito formal os progresos en materia de ensinanza dixitais.</li> <li>- No noso centro non se usan tecnoloxías dixitais para a colaboración con outras organizacións.</li> <li>- Non dispoñemos de asistencia técnica efectiva para os dispositivos que non sexan E-dixgal.</li> </ul>

	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Dispone de dispositivos para o alumnado.</li> <li>- O alumnado é responsable no uso dos dispositivos.</li> <li>-O alumno é quen de buscar información.</li> <li>-Hai unha Aula Virtual para uso do alumnado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-O alumnado non usa internet de xeito crítico.</li> <li>- No noso centro non se utiliza a tecnoloxía para traballar en grupo.</li> <li>- No noso centro o alumnado non traballa contidos específicos que lles permitan aprender a programar/codificar .</li> <li>-O alumnado de E-dixgal utiliza a tecnoloxía en diferentes áreas; en cambio, o resto do alumnado non o adoita facer.</li> </ul>
	FAMILIAS		
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> <li>-O alumnado comunícase mediante tecnoloxías dixitais.</li> <li>-O alumnado aprende a elaborar contidos dixitais.</li> <li>- O E.D. é coñecedor do emprego de contornas virtuais de aprendizaxe co alumnado por parte do profesorado.</li> <li>- O E.D. é coñecedor do uso de tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa.</li> <li>-En E-dixgal dispónse de asistencia técnica rápida.</li> </ul>	

	ORGANIZACIÓN DE CENTRO		<ul style="list-style-type: none"> <li>-O centro carece dun repositorio en liña con materiais de aprendizaxe.</li> <li>-O centro carece dun repositorio en liña con recursos dixitais para a elaboración de materiais dixitais.</li> <li>-O centro non adoita empregar recursos dixitais para a avaliación.</li> <li>-Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.</li> </ul>
--	------------------------	--	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		<ul style="list-style-type: none"> <li>- O profesorado non dispón do tempo suficiente dentro do seu horario para explorar novos métodos de ensinanzas coas tecnoloxías dixitais.</li> <li>- O noso centro non dispón de asistencia técnica directa e inmediata cando xurden problemas tecnolóxicos.</li> <li>- Sobrecarga de peticións ao equipo docente, que se ve desbordado.</li> </ul>
	LEXISLACIÓN		

### 3. Plan de Acción

#### 3.1 Obxectivos, indicadores e accións.

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES.							
<b>OBXECTIVO 1:</b>	Promover a comunicación entre os titores e as familias mediante AbalarPro					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de mestres que empregan o sistema AbalarPro para as comunicacións coas familias						
<b>Valor de partida:</b>	10 % do profesorado emprega o aplicativo AbalarPro						
<b>Valor previsto e data:</b>	50 % do profesorado emprega o aplicativo AbalarPro				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA ETN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A01.1: Elaborar un video explicativo do uso da aplicación.	Director	30/09/2022	Dispositivos móbiles.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.2: Crear un grupo de traballo para a formación sobre o programa AbalarPro.	Equipo directivo/ Coordinador/a TIC	1/10/2022	Dispositivos móbiles.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A01.3: Sensibilizar ás familias no uso do programa Abalar.	Equipo directivo/ Persoas titoras.	22/12/2022	Dispositivos móbiles.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	▶
A01.4: Potenciar o uso da aplicación mediante o envío de notificacións periódicas.	Persoas titoras.	20/06/2023	Dispositivos móbiles.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	▶

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES.						
<b>OBXECTIVO 2:</b>	Actualizar e empregar a Aula Virtual do centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Persoas titoras e coordinador/a TIC.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de persoas titoras que empregan a AV					
<b>Valor de partida:</b>	15 % de persoas titoras que empregan a AV					
<b>Valor previsto e data:</b>	50 % de persoas titoras que empregan a AV			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FTN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Formar ao profesorado no emprego dos foros da AV.	Equipo TIC.	1/10/22	Ordenadores, tablets e dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Dinamizar a participación no foro.	Equipo directivo. Equipo TIC.	30/06/2023	Ordenadores, tablets e dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Organizar os contidos da Aula Virtual.	Persoas titoras. Equipo TIC.	30/06/2023	Ordenadores, tablets e dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO						
<b>OBXECTIVO 3:</b>	Dispoñer da rede corporativa en todo o centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Director				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de espazos do colexio que dispoñen da rede					
<b>Valor de partida:</b>	30 % de espazos do colexio que dispoñen da rede					
<b>Valor previsto e data:</b>	100 % de espazos do colexio que dispoñen da rede			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA ETN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Solicitar a instalación da rede corporativa para todo o centro.	Director	10/09/2022	Formulario CXR008 Planos do centro educativo Correo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO							
<b>OBXECTIVO 4:</b>	Repoñer e actualizar dispositivos estragados ou obsoletos					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo directivo					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Porcentaxe de dispositivos actualizados e/ou repostos						
<b>Valor de partida:</b>	10 dispositivos estragados ou obsoletos						
<b>Valor previsto e data:</b>	10 dispositivos actualizados e/ou repostos				20/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA ETN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A04.1: Solicitar a reparación dos dispositivos avariados.	Director	30/09/2022	Proxectores.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A04.2: Repoñer os dispositivos obsoletos.	Equipo TIC	30/06/2023	Ordenadores.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS							
<b>OBXECTIVO 5:</b>	Elaborar un repositorio colaborativo de recursos para a elaboración de materiais dixitais na AV					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo TIC e equipo docente					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de recursos dixitais compartidos						
<b>Valor de partida:</b>	0 recursos dixitais compartidos						
<b>Valor previsto e data:</b>	20 recursos dixitais compartidos				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FTN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A05.1: Crear un curso na AV onde compartir os recursos dixitais.	Equipo TIC	01/10/2022	Ordenadores, tablets e dispositivos móbiles.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.2: Compartir os recursos dixitais seleccionados.	Equipo docente	30/06/2022	Ordenadores, tablets e dispositivos móbiles.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO							
<b>OBXECTIVO 6:</b>	Proporcionar estratexias ao alumnado de 5º e 6º de E.P. para aprender a manexar a información ▶					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Titores e equipo TIC					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:</b>	Número de sesións dedicadas a analizar con rexistros a fiabilidade da información						
<b>Valor de partida:</b>	0 sesións dedicadas a analizar con rexistros a fiabilidade da información						
<b>Valor previsto e data:</b>	4 sesións dedicadas a analizar con rexistros a fiabilidade da información				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA ETN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A06.1: Crear grupos de traballo na aula para analizar a información	Titores	20/12/2022	Dispositivos dixitais.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
A06.2: Elaborar diferentes actividades co obxectivo de valorar a veracidade da información web.	Titores Equipo TIC	30/06/2022	Dispositivos dixitais.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

### **3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.**

- Conectividade: precisamos mellorar a conectividade por wifi en todo o centro. Neste intre só dispoñemos da rede corporativa nas aulas de 5º e 6º de primaria, sendo imprescindible que todas as aulas contén coa correcta conexión á rede.
- Todas as aulas de infantil e primaria (incluídas as especialidades) deberían contar con pizarra dixital interactiva e proxector (na actualidade só temos 5 pizarras dixitais para un total de 17 aulas: 9 titorías, 7 especialidades (inglés, relixión, música, plástica, 2 PT e AL e E.F.) e a aula de informática.

## **4. Avaliación do PD**

### **4.1. Seguimento do Plan de Acción.**

Realizaremos unha avaliación do proceso ao final de cada trimestre, na que valoraremos o estado de execución das accións, a valoración dos resultados e, de ser o caso, as modificacións e/ou propostas de mellora a realizar no PD.

Farase tamén unha avaliación final ao remate de cada curso, onde valoraremos os logros acadados e introduciremos propostas de mellora para o seguinte curso.

### **4.2. Propostas de mellora (revisión)**

As propostas de mellora virán dadas da avaliación do Plan ao rematar o curso, e tamén das posibles necesidades que se detecten en calquera outro momento.

## **5. Difusión do Plan Dixital.**

Despois de ser aprobado, o Plan Dixital será publicado na páxina web do centro, para que toda a comunidade educativa teña acceso a el.